

# ABSCESOS EN INTESTINO DE BOVINO



## COMENTARIO DEL S.V.O.

Remíto o caso dunha vaca frisona de 6 anos de idade que chegou ao matadoiro e que á inspección antemorten non revela alteracións físicas de interés salvo una cicatriz na illarga dereita non recente compatible con tratamento cirúrxico para corrección de desplazamento de abomaso. Á inspección postmortem aprécianse abscesos de diferentes tamaños na superficie plegada do intestino delgado, mesenterio e incluso debaixo da serosa da parede intestinal. O contido intestinal é líquido e escaso e os linfonodos mesentéricos están hipertrofiados. Tamén se detecta a presenza dun imán no abomaso con multitude de material metálico adherido. Non se observan outras alteracións nin lesións relevantes na canal ni no resto de órganos e vísceras. Falamos co entrador que trouxo a vaca ao matadoiro e coméntanos que o propietario enviou a res porque sufría indixestións frecuentes. A presenza destes abscesos con contido líquido purulento, suxírenos que se puideron orixinar como consecuencia secundaria á resolución dunha peritonite difusa no postoperatorio da cirurxía abdominal pero gustaríanos contar coa túa opinión.

Estou de acordo co teu diagnóstico macroscópico e posible patoxenia. Vexo nas fotos peritonite purulenta multifocal coa formación de abscesos na serosa do intestino delgado pero non parece haber enterite purulenta xa que non vexo contido purulento no intestino. Nunha foto vense os linfonodos mesentéricos aumentados de tamaño e, posiblemente á sección estarían reactivos. Tendo unha cicatriz de cirurxía abdominal a causa máis probable sería a infección secundaria trala cirurxía.

Ana Bravo Moral  
Dpto. Anatomía Patolóxica – Facultad de Veterinaria